



ESIXIMOS A ELIMINACIÓN DA TAXA DE REPOSICIÓN

Na reunión da **Mesa Xeral de negociación dxs empregadxs públicos do estado**, o actual goberno, é dicir **PSOE/PODEMOS**, negáronse a **eliminar a taxa de reposición**, nin sequera nos servizos esenciais como a sanidade.



E desde Galiza o **PP** no goberno da Xunta, e o Sr Feijoo, manteñen a **precariedade laboral**, fraccionando os contratos en días, meses...

Mobilízate coa **CIG-Saúde** pola eliminación da **Taxa de Reposición** e contra a **precariedade** no **SERGAS**

www.cig-saude.gal
outubro 2020



CIG-SAÚDE *informa*



A **precariedade laboral** na sanidade pública non é só marca PP, agora tamén se suman **PSOE e PODEMOS**.

Na reunión da **Mesa Xeral de negociación dxs empregadxs públicos do estado**, celebrada en Madrid, o día 26 de outubro, o **actual goberno do estado**, é dicir **PSOE/PODEMOS**, negouse a **eliminar a TAXA DE REPOSICIÓN**, nin sequera nos servizos esenciais como a sanidade.

Tamén se negaron a que esta norma **deixe de ter a consideración de norma básica**, para que as CCAA poidan negociar no seu ámbito **plans de emprego** que permitan **recuperar o cadro de persoal e eliminar a precariedade laboral**.

Desde Madrid, o goberno central mantén a taxa de reposición. Agora nin sequera da cumprimento aos acordos da comisión de reconstitución da sanidade, aprobados no parlamento español.

Desde Galiza o goberno da Xunta e o Sr Feijoo manteñen a precariedade laboral, fraccionando os contratos en días, meses... Néganse a **facen contratos estables** en situacións tan complexas como a que estamos a vivir pola pandemia da COVID.

O persoal da sanidade xa non agardaba ningún tipo de recoñecemento polo seu traballo, incrementado pola pandemia da COVID. Non agardaba ningún recoñecemento, **mais o que tampouco agardaba era este incumprimento do goberno do estado de PSOE/PODEMOS, aliado co goberno da Xunta de Galiza do PP no maltrato ás profesionais da sanidade pública**.

Desde CIG-SÁUDE esiximos aos 3 partidos políticos que deixen de xogar coa sanidade pública e co seu persoal. Deixen de facer manifestacións públicas hipócritas sobre a defensa da sanidade pública.

Basta xa de MALTRATO!

Desde **CIG-SAÚDE** facemos un chamamento a todo o persoal a manifestarse en contra da taxa de reposición, para recuperar mais de 6.000 postos de traballo.

Máis tamén facemos un chamamento a toda a militancia destes partidos a que reclamen a eliminación da taxa de reposición, e a eliminación da precariedade laboral no persoal da sanidade pública.

ESIXIMOS A ELIMINACIÓN DA TAXA DE REPOSICIÓN E A RECUPERACIÓN DOS 6.000 POSTOS DE TRABALLO ESTABLES NA SANIDADE PÚBLICA.

Non hai sanidade pública de calidade sustentada na precariedade laboral do persoal.

